

## **URXENCIAS EXTRAHOSPITALARIAS**

### **Pola Administración:**

- José Ignacio Lema Piñeiro  
Director xeral da División de RR.HH.
- Francisco López Rois  
Director xeral da División de Aistencia sanitaria.

### **Polas Organizacións Sindicais:**

- **CIG**  
Xoán Cons Pintos/ Víctor Vila  
López/Ana Arto Blanco
- **CESMSATSE**  
José M. Blanco Docanto / Manuel Nieto Pereira / Leocadio Castells Conejero / Pilar Oviedo González.
- **UXT**  
Delia Irene Martínez Conde/ Luis Jerez Couselo /Jorge Quintana Mirón
- **CSI-CSIF**  
Manuel González Vázquez / Carlos Cancela Rodríguez/ José A. Lamelas García
- **CC.OO.**  
Juan Miguel Antelo

En Santiago a 29 de xullo de 2004, sendo as 21 horas, reunidas as partes, asinantes do Pacto de urxencias extra hospitalarias ( DOG nº 44 de 2 de marzo de 2001), e membros da mesa sectorial de negociación de persoal das institucións sanitarias do SERGAS, tralas reunións mantidas dende o mes de febreiro de 2004 ata agora, con obxecto de negociar as materias que figuran na Acta de 20 de febreiro de 2004, acordan asignar o presente documento :

1º:- PAC piloto:

Aprobase o proxecto de acordo de participación do persoal do cadro no réxime de gardas ou atención continuada nos PAC piloto e o proxecto de acordo para a posta en marcha das unidades piloto de atención urxente de atención primaria coa regulación das condicións de traballo e retribucións do persoal vinculado para os PAC piloto. Ditas regulacións teñen carácter provisional. A posta en marcha das unidades pilotos baséase nun plan de actuación de

atención continuada que cada xerencia establecerá de xeito negociado, coa comisión de centro ou coa xunta de área, unha vez asinado este acordo. Estes plans deberán estar aprobados no mes de setembro.

Os plans funcionais que conteñan prestación de servizos por persoal específico nas modalidades B e C con prestación de xornada ordinaria, a distribución desta será preferentemente no horario ordinario ou, de se lo caso, cando as propostas sexan de horario inferior, cos criterios de cómputo que de determinen, trala negociación das partes na comisión de seguimento deste Acordo.

Aprobese a convocatoria de selección temporal específica para os PAC piloto que se anexa ó acta. A primeira convocatoria realizarase no mes de agosto. A segunda no mes de setembro. A baremación realizarase coa máxima urxencia para ter efectiva a incorporación dos aspirantes seleccionados no mes de outubro. Antes da efectividade da incorporación anterior, negociarase no seo da comisión de seguimento deste acordo, a situación dos profesionais que non verán prorrogado o seu nomeamento por mor da vinculación de profesionais para PAC piloto.

2º.- Prórroga dos nomeamentos de atención continuada:

Acordase a prorroga dos nomeamentos vixentes de cobertura de atención continuada que rematan o 31 de Agosto. A prorroga realizarase ata que se proceda a un novo proceso de selección para a cobertura da atención urxente incluíndo os procesos de selección nos PAC piloto.

A prorroga anterior realizarase sen prexuízo dos cambios nas condicións de traballo que podan pactarse en relación ás condicións de disfrute de permisos

retribuídos . A División de Recursos Humanos dictará as instrucións oportunas para facer efectivos os permisos no mes de setembro de 2004.

3º.- Regulación das condicións de traballo do novo modelo:

No mes de setembro se presentará á mesa sectorial o proxecto de Decreto organizativo que modifique o Decreto 172/1995 e o Decreto 200/1993, que darán amparo normativo tanto á regulación das prazas do novo modelo de atención urxente extra hospitalarias, como á regulación da voluntariedade na prestación de atención continuada por persoal do cadro.

A División de Recursos Humanos e de Asistencia Sanitaria impulsarán os trámites con obxecto de que se aprobe e publique o novo Decreto antes de fin de decembro de 2004.

Con independencia do anterior, se negociarán no seo da mesa sectorial as condicións de traballo e retributivas do persoal que prestará servizos nos novos postos de traballo, réxime de implantación das novas prazas, as condicións do exercicio da voluntariedade sobre atención continuada do persoal do cadro, a transformación dos nomeamentos de atención continuada, e os calendarios de efectividade de todas as materias anteriores, dando por rematada a negociación no mes de novembro de 2004.

Se tomarán como punto de partida da negociación das condicións de traballo e retributivas dos novos postos de urxencias extra hospitalarias as acordadas para os PAC piloto, coa finalidade de negociar melloras nas condicións de xornada e/ou nas retribucións, que conlevarán unha aplicación gradual dende a posta en marcha de novo modelo de urxencias extra hospitalarias , prevista para o ano 2005.

#### 4º.- Transformación de nomeamentos de atención continuada:

A administración presentou na mesa de negociación unha proposta de acordo sobre transformación dos nomeamentos actuais de atención continuada. Dadas as dificultades técnicas, a negociación desta materia se resolverá no ámbito de negociación do novo modelo, según se dispón no punto anterior.

#### 5º.- Comisión de seguimento:

Constituirase a comisión de seguimento deste acordo que estará formada por un representante de cada organización sindical asinante e o mesmo número de representantes da Administración sanitaria. As incidencias ou conflitos que poidan xurdir sobre as materias recollidas nos acordos deberán ser previamente tratadas nesta comisión.

O presente acordo de mesa sectorial, está conformado polos documentos que se anexan relativos a proxecto de acordo sobre voluntariedade e proxecto de acordo sobre condicións de traballo e retributivas nos PAC piloto e resolución sobre selección temporal. Antes da súa publicación deberán ser aprobados polos órganos competentes, tralos informes preceptivos e trámites legais, co rango normativo adecuado a cada unha das materias.

#### 6º.- Publicación.

A presente acta se publicará no DOG. Os proxectos de acordo citados no apartado primeiro deste acta se publicarán unha vez sexan aprobados trala tramitación regulamentaria.